



Sobre o aloxamento

A hospedaxe

Será no Albergue de Folgoso do Courel, unha fermosa e acolledora casa de madeira no centro de Folgoso.

Con capacidade para 36 prazas, en liteiras, distribuídas en 3 habitacións con roupa de cama e toallas. Un salón comedor con cociña, cheminea, neveira, cafeteira, microondas, calefacción e auga quente.

Cea, almorzo e xantar volante/picnic

A **cea** será nun restaurante próximo a Seoane do Courel. Quen tiver un réxime alimentar estrito ou ten unha opción diferente da omnívora, debe comunicalo con adiantamento. Sobre as opcións do menú, iremos comentando a medida que se acheguen as datas, mais os produtos serán do Courel.

O **almorzo**, no albergue, comporase de café con leite, torradas, marmeladas e zume.

O **xantar volante** componse de bocadillo, peza de froita, auga e lambetada.

Sobre a reserva

O albergue resérvanos as prazas tras o ingreso dunha porcentaxe da hospedaxe. Daquela, quen decida anotarse á “Visita ao Courel” debe ingresar, despois da inscrición (e confirmación desta por Faia), a cantidade de 25€ por persoa que se restarán da cantidade global estipulada no programa.

No ingreso debes indicar o voso nome e o concepto “Visita ao Courel”.

O número de conta bancaria é ES72 2080 0524 8130 0002 7868 correspondente á libreta de Marcelo Rodríguez Acosta en Abanca (quen non teña conta en Abanca e o ingreso da reserva supoña o pagamento de comisións, pode pórse en contacto con Faia antes de o facer).